

Por orde do Sr. Reitor, e segundo o acordo da Mesa do Claustro, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña

Día: 17 de abril de 2008

Hora: 09:30 h en primeira convocatoria e 10:00 h en segunda convocatoria

Lugar: Paraninfo da Reitoría. A Maestranza nº 9

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se proceder, Memoria de xestión 2007. Informe do Reitor para o Claustro.
3. Composición e elección Comisión redactora Estatutos da Universidade da Coruña.
4. Aprobación, se proceder, do posicionamento do Claustro da Universidade da Coruña sobre a subida de Taxas universitarias do curso 2007/2008.
5. Memoria anual de actividades do Valedor Universitario
6. Quenda aberta de intervencións.

A copia da acta do Claustro, que será sometida a aprobación, estará depositada na Secretaría dos centros a disposición dos seus membros.

En relación co 2º punto da orde do día, A Memoria de xestión 2007. Informe do Reitor para o Claustro atoparase na páxina web da UDC (Reitoría → Reitor → Documentos) a partir do xoves día 10 de abril de 2008.

En relación co 3º punto, os membros do Claustro disporán ata as 14:00 horas do vindeiro día 15 de abril para a presentación, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, de propostas de composición desta comisión redactora, que deberán estar avaladas polo menos por quince claustrais.

A documentación relativa ao 4º punto, atópase na páxina web da UDC (<http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/Claustro> 17 de abril de 2008).

Lémbrese aos membros do Claustro que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 7 de abril de 2008

O secretario xeral
Xosé Manuel Carril Vázquez

SRES/SRAS MEMBROS DO CLAUSTRO